

CUADRANTE

CUADRANTE
30


Los Amigos
Villafraña
Vikarria de Arzobispado

Revista semestral de Estudos Villafrañanos e Históricos

Cuadrante

Revista semestral de Estudos Valleinclanianos e Históricos

Amigos
Valle-Inclán
Vilanova de Arousa



Editada pola
Asociación de Amigos de Valle-Inclán

- 6 XAQUÍN DEL VALLE-INCLÁN ALSINA
VALLE-INCLÁN EN CAMBADOS,
APUNTES BIOGRÁFICOS,
RODOLFO CARDONA
- 26 HISTORIA DE LOS ESTRENOS Y RECEPCIÓN DE LAS
OBRAS DE TEATRO DE VALLE-INCLÁN (1912-1974).
PARTE I.
SANDRA DOMÍNGUEZ CARREIRO
- 60 VALLE-INCLÁN EN ASTURIAS, 1926.
DOCUMENTACIÓN,
JOAQUÍN DEL VALLE-INCLÁN ALSINA
- 114 VALLE-INCLÁN EN RUSIA. UN DIVERTIMENTO.

Valle nas súas orixes:

- 118 BENITO LEIRO
LA AMISTAD DE VALLE-INCLÁN CON
LOS HERMANOS CAMBA,
JESÚS BLANCO GARCÍA
- 138 UN NAUFRAGIO ANTIGUO Y LA SOCIEDAD GALLEGA
TRADICIONAL EN VALLE.

Edita

Asociación de Amigos de Valle-Inclán

Presidente

Joaquín del Valle-Inclán Alsina

Praza dos Olmos, 9 baixo
36620 Vilanova de Arousa
(Pontevedra)

www.amigosdevalle.com
amigosvalleinclan1@hotmail.es

**Cuadrante. Revista semestral
de Estudos Valleinclinianos e
Históricos.**

Número 30. Xuño 2015

Director

Francisco X. Charlín Pérez

Subdirectora

Sandra Domínguez Carreiro

Secretario xeral

Víctor Viana

Redactora xefa

Lorena Paz

Consello de Redacción

Joaquín del Valle-Inclán Alsina
Margarita Santos Zas
Juan Antonio Hormigón
Rodolfo Cardona
Xosé Luís Axeitos
Jesús Blanco García
Juan Fernando de Laiglesia
Fernando López-Acuña López
Xaquín Núñez Sabarís
José María Paz Gago

Ramón Torrado

José María Leal

Ramón Martínez Paz

Xosé Lois Vila Fariña

Antonio Espejo Trenas

*Redacción Buenos Aires**Redactora jefe*

María del Carmen Porriúa

Consejo de Redacción

Marcelo Topuzian
Raúl Illescas
Adriana Minardi
Mirtha L. Rigoni
Gladys Granata de Egües
Mabel Brizuela
Germán Prósperi
Laura Scarano
Marcela Romano
Marta Ferrari
Danilo Santos



Roteiro literario "A Ría de Arousa na literatura":

- 166 XOAN CARLOS RODRÍGUEZ PÉREZ
INTRODUCCIÓN
MARÍA SALVADORA FERNÁNDEZ DÍEZ
- 170 LA IMPORTANCIA DEL ESPACIO EN LA LITERATURA Y
OBJETIVOS DE LAS RUTAS LITERARIAS.
SANDRA DOMÍNGUEZ CARREIRO
- 174 A IMPORTANCIA DE ENSINAR A VALLE-INCLÁN.
FRANCISCO XAVIER CHARLÍN, LUIS REI
- 180 ROTEIRO LITERARIO
"A RÍA DE AROUSA NA LITERATURA":
VIAXE AO SALNES DE VALLE-INCLÁN E CABANILLAS.

Xestión e administración

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Comunicación

Luis Menéndez Villalva

Deseño e maquetación

Carlos Sánchez Crestar

Imprime

Imprenta Fidalgo
(Cambados, PO)

Dep. Legal

PO-4/2000

ISSN

1698-3971

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orxinais recibidos e non solicitados. A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores, o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



Esta revista ha recibido una ayuda a la edición del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.



**XUNTA
DE GALICIA**

Esta publicación contou cunha axuda da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da Secretaría xeral de Cultura.

CEDRO


La Editorial, a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizadas para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.

Despois da xira de nove meses por Sudamérica, Valle-Inclán desembarcou o 3 de decembro de 1910 en Vigo dun barco procedente de Buenos Aires. De alí dirixiuse a Pontevedra e logo a Vilanova de Arousa —“donde pensaba adquirir unos terrenos para la construcción de un chalet”— para descansar uns días.

Como quen segue os seus pasos, a revista *Cuadrante*, tralo especial (nº29) dedicado a esa viaxe e á súa relación coa Arxentina, ocúpase no presente número (30), dun modo preferente, de temas que teñen que ver coa súa terra materna. Así, Joaquín del Valle-Inclán fai un estudo documentado da súa volta a Galicia e do seu establecemento en Cambados entre os anos 1912 e 1917; na sección “Valle-Inclán en sus raíces”, Benito Leiro aborda a súa relación cos seus paisanos vilanoveses, os tamén escritores irmáns Camba, mentres que Jesús Blanco reconstrúe, utilizando a memoria oral, o ambiente social da Vilanova da súa época; por outra parte, publicamos —grazas á amabilidade de Xoán Carlos Rodríguez, asesor do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)— os textos utilizados nun roteiro literario por terras de O Salnés dedicado ao noso escritor e ao poeta cambadés Ramón Cabanillas, que, dirixido a profesores de Ensino Secundario e Bacharelato, tivo lugar o 25 de abril deste ano, como preludio a outro monográfico que se realizará no espazo da ría de Arousa co gallo da celebración do 150 aniversario do seu nacemento.

Noutra orde de cousas, esta publicación ten o privilexio de ofrecer aos seus lectores, en varias entregas, outro libro inédito do catedrático emérito norteamericano, Rodolfo Cardona. Trátase dun manuscrito dos anos 70 titulado “Historia de los estrenos y recepción de la obra de Valle-Inclán, 1912-1974” concibido como segunda parte do que publicamos con anterioridade, “Trayectoria del teatro de Valle-Inclán”. Pola súa banda, Sandra Domínguez estuda e publica varias recensións aparecidas na prensa asturiana sobre as conferencias que, patrocinadas polos Ateneos obreiros, impartiu Valle por diferentes localidades de Asturias en 1926. Finalmente, Joaquín del Valle-Inclán aborda noutro artigo as traducións da obra de don Ramón ao ruso.

No seu número 31, *Cuadrante* embarcará outra vez rumbo a América para ofrecer un novo monográfico sobre a xira de 1910 por terras de Chile, Uruguay e varias cidades arxentinas non incluídas no anterior volume dedicado ao “país de la plata”.



Después de la gira de nueve meses por Sudamérica, Valle-Inclán desembarcó el 3 de diciembre de 1910 en Vigo de un barco procedente de Buenos Aires. De allí se dirigió a Pontevedra y después a Vilanova de Arousa —“donde pensaba adquirir unos terrenos para la construcción de un chalet”— para descansar unos días.

Como quien sigue sus pasos, la revista *Cuadrante*, tras el especial (nº29) dedicado a ese viaje y a su relación con la Argentina, se ocupa en el presente número (30), de un modo preferente, de temas que tienen que ver con su tierra materna. Así, Joaquín del Valle-Inclán hace un estudio documentado de su vuelta a Galicia y su establecimiento en Cambados entre los años 1912 y 1917; en la sección “Valle-Inclán en sus raíces”, Benito Leiro aborda su relación con sus paisanos vilanoveses, los también escritores hermanos Camba, mientras que Jesús Blanco reconstruye, utilizando la memoria oral, el ambiente social de la Vilanova de su época; por otra parte, publicamos —gracias a la amabilidad de Xoán Carlos Rodríguez, asesor del Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)— los textos utilizados en una ruta literaria por tierras de O Salnés dedicada a nuestro escritor y al poeta cambadés Ramón Cabanillas, que, dirigida a profesores de Enseñanza Secundaria y Bachillerato, tuvo lugar el 25 de abril de este año, como preludeo a otra monográfica que se realizará en el espacio de la ría de Arousa con motivo de la celebración del 150 aniversario de su nacimiento.

En otro orden de cosas, esta publicación tiene el privilegio de ofrecer a sus lectores, en varias entregas, otro libro inédito del catedrático emérito norteamericano, Rodolfo Cardona. Se trata de un manuscrito de los años 70 titulado “Historia de los estrenos y recepción de la obra de Valle-Inclán, 1912-1974” concebido como segunda parte del que publicamos con anterioridad, “Trayectoria del teatro de Valle-Inclán”. Por su parte, Sandra Domínguez estudia y publica varias reseñas aparecidas en la prensa asturiana sobre las conferencias que, patrocinadas por los Ateneos obreros, impartió Valle por diferentes localidades de Asturias en 1926. Finalmente, Joaquín del Valle-Inclán aborda en otro artículo las traducciones de la obra de don Ramón al ruso.

En su número 31, *Cuadrante* se embarcará otra vez rumbo a América para ofrecer un nuevo monográfico sobre la gira de 1910 por tierras de Chile, Uruguay y ciudades argentinas no incluidas en el anterior volumen dedicado al “país de la plata”.

Francisco Xavier Charlín Pérez





Unha viaxe ao Salnés de Valle-Inclán e Cabanillas

ROTEIRO LITERARIO: A RÍA DE AROUSA NA LITERATURA

A importancia de ensinar a Valle-Inclán

Sandra Domínguez Carreiro

O escritor Ramón del Valle-Inclán forma parte de todos os temarios e libros de texto que conteñen os contidos esixidos para o curriculum de Educación Secundaria: asociado ao Modernismo, e como un dos autores máis destacados dese movemento; como membro discordante da discutida Xeración do 98, cunha evolución particular e oposta a outros escritores tradicionalmente incluídos nesa controvertida denominación; aparece tamén como figura indispensable e clave para entender a renovación da escena teatral española antes de 1936. Todos os profesores de Literatura castelá aquí presentes estudamos, no noso momento, e explicamos agora a Valle-Inclán no contexto da chamada Idade de Prata da Literatura española, que abrangue desde as correntes literarias finiseculares ata o ano no que desgraciadamente estoupou a Guerra Civil, pasando polo período de eclosión e auxe das vangardas. Etapa fascinante, por tanto, na que don Ramón emerxe como figura indispensable e con nome propio, pois a prosa modernista española non se entende sen títulos coma as *Sonatas* e a contribución do teatro español ás tentativas teatrais renovadoras da Europa dos anos vinte e trinta non sería tal sen o ciclo esperpéntico concibido desde tempo atrás por este grande creador, por citar algunhas das súas contribucións.

Porén, a figura e a obra de Valle-Inclán seguen ás veces ligadas a certos tópicos ou esquemas de estudo que non permiten comprender na súa totalidade o alcance da produción literaria e estética deste escritor galego e universal. Un percorrido pola súa obra e a súa traxectoria, desde os primeiros libros ata as últimas publicacións permítenos achegarnos á comprensión total de Valle-Inclán e transmitir aos nosos alumnos o alcance dunha figura que significou a perfecta síntese das principais correntes literarias e artísticas do seu momento, que serviu de ponte entre distintas xeracións literarias, e que actuou, en suma, como un auténtico crisol da cultura do seu tempo.

O mozo Ramón Valle Peña iniciou a súa andaina literaria no Santiago finisecular cando era estudante de Bacharelato. Daqueles primeirísimos pasos consérvanse catro textos publicados en 1888 na revista compostelá *Café con Gotas*, e algunhas colaboracións en prensa. Desde os inicios, a prensa constituíu un obradoiro indispensable na obra de Valle-Inclán, xa que moitos dos seus textos fundamentais verían por primeira vez a luz no ámbito xornalístico ao longo de toda a súa carreira. Á vocación literaria uniuse de maneira temperá á inquietude viaxeira: en 1892 embarcou rumbo a México, país no que permaneceu un ano e que percorreu en busca de aventuras e experiencias literarias e persoais, e que deixaría unha fonda pegada no escritor. A súa colaboración en periódicos como *El Universal*, no que publicaban tamén autores como o propio Rubén Darío, constituíu con toda probabilidade a vía de descubrimento do Modernismo literario. Así, nesta primeira etapa, o cultivo da narrativa curta que despois reuniu en coleccións como *Femeninas*, *Jardín umbrío* ou *Corte de amor*, revela a pegada das lecturas que definen o decadentismo do “fin de século” e responden ao principio estético da “Arte pola Arte”, en consonancia coas correntes literarias da Europa finisecular, e que no seu caso crista-

lizarían de forma maxistral nas *Sonatas*. **Ensinar a este primeiro Valle-Inclán significa, por tanto, transmitir aos nosos estudantes as constantes que definen as claves estéticas dos albores da Modernidade literaria.**

Levado do seu afán por abrir novos camiños literarios, o novel escritor trasladouse a Madrid en 1895, e os seus primeiros anos na capital marcan a consolidación da súa particular personalidade humana e artística, así como a súa contribución ao panorama literario e cultural da capital. Nestas datas Valle-Inclán compartiu tertulias en redaccións de periódicos e cafés con escritores como Joaquín Dicenta, Ricardo Fuente, Jacinto Benavente... aos que se sumaban artistas plásticos que compoñían unha nova xeración de escritores e creadores caracterizados por unha característica común: a marcada vocación renovadora. Foi así como o Nuevo Café de Levante constituíu un dos puntos de encontro máis importantes do Madrid de principios de século: a súa tertulia, liderada por don Ramón desde 1903 ata 1916, foi o escaparate de toda unha xeración, que incluía os chamados “noventayochistas” e “modernistas” ao completo. Da súa nómina podemos citar a pintores como Anselmo Miguel Nieto, Romero de Torres ou Zuloaga, entre outros, a caricaturistas e debuxantes como Ricardo Marín, Moya del Pino ou Rafael de Penagos, a escritores como os irmáns Machado, o xa consagrado Rubén Darío ou o sempiterno bohemio Alejandro Sawa, modelo do futuro Max Estrella de *Luces de bobemia*. Esta tertulia ten sido considerada unanimemente pola crítica como crisol do modernismo artístico, e a súa disolución a partir de 1916, a causa das acesas discrepancias entre aliadófilos e xermanófilos, daría paso, a partir de 1919, a outras como a establecida na Granja del Henar, con autores novos como Lorca, Alberti, Altolaguirre ou Concha Méndez, iminentes protagonistas dos novos rumbos da arte e a literatura nos anos seguintes. **Por todo isto, profundar na figura de Valle-Inclán pode contribuír a transmitir aos nosos alumnos a importancia de revistas e tertulias culturais e literarias na España daquelas décadas, a proliferación (no mellor sentido da palabra) de distintas xeracións de escritores e artistas que renovan profundamente o panorama cultural das primeiras décadas do século, e entender, en suma, a simbiose entre artes plásticas e literatura que define a Idade de Prata da Cultura Española.**

Mentres exercía esta notable labor como o que hoxe en día chamaríamos “animador cultural”, Valle-Inclán consolidaba a súa traxectoria literaria coas catro novelas *Sonata de otoño* (1902), *Sonata de estío* (1903), *Sonata de primavera* (1904) e *Sonata de inverno* (1905) nas que cobra vida aquel “Don Juan feo, católico y sentimental”. Estas catro obras responden a un proceso de idealización premeditado: refinamento, aristocratismo, artificiosidade... son notas que definen unha estética antirrealista que constituíu a máis clara expresión daquela vella divisa, a Arte pola Arte, e que demostran a apropiación de conceptos das artes plásticas e da música na literatura.

Pero don Ramón non quedou ancorado neste insuperable modelo de prosa modernista: xa a partir das *Sonatas* empezan a percibirse sinais dun cambio que será cada vez máis notable, e que abrirá a súa produción literaria en tres direccións: a poética, a dramática e a narrativa. É así como en 1906 estrea a peza dramática *El marqués de Bradomín. Coloquios románticos*, e en 1907 publica, xunto co seu primeiro libro de poemas, *Aromas de leyenda*, o texto inaugural da triloxía *Águila de blasón*, que se completaría despois con *Romance de lobos* (1908) e *Cava de Plata* (1922). Esta triloxía ten sido interpretada como a expresión literaria da adserción de Valle-Inclán ao carlismo, cuestión controvertida que, da que, porén, **os docentes podemos tirar de novo partido**: a aparición da figura do vello patriarca de nobre pazo galego, don Juan Manuel Montenegro, e a reconstrución nostálgica do mundo da fidalguía en proceso de desaparición, vincula esta serie dramática cunha estela de autores galegos que trataron este mesmo tema, como Emilia Pardo Bazán en *Los Pazos de Ulloa* ou Ramón Otero Pedrayo en *Os camiños da*

vida. Ademais, ese controvertido carlismo anteriormente mencionado pode axudarnos a explicar aos nosos estudantes o difícil proceso de transformación vivido polo país no tránsito entre os séculos XIX e XX, entre unha España —a tradicionalista, a conservadora—, que se resistía a morrer, e unha nova —liberal, modernizada—, que loitaba por nacer.

Valle-Inclán volvería a estas terras nas que nos encontramos en 1912, non sen antes realizar unha importante xira en 1910 por varios países americanos e tras a súa ruptura coas dúas compañías teatrais máis importantes do país por distintas desavinzas estéticas e falta de satisfacción do autor dramático á hora de ver as súas obras en escena. **De novo, explicar a Valle-Inclán é o máis perfecto modelo para facer entender aos nosos alumnos esa paradóxica crise teatral de principios de século denunciada por tantos intelectuais e escritores: mentres os teatros do circuito comercial acomodado aos gustos do público burgués xeraban grandes beneficios, reunían a unha nutrida cantidade de público e contaban cunha numerosa nómina de autores, os dramaturgos renovadores e de valía literaria encontrábanse con continuas dificultades para levar ás táboas unha obra, ou con falta de acollida por parte dos espectadores.** O divorcio entre calidade artística e éxito escénico materialízase na figura de Valle-Inclán coma en ningún outro escritor do seu tempo, de aí que, coma en tantos outros ámbitos, don Ramón se convertera nun pioneiro da defensa do cine, novo espectáculo que el consideraba o teatro do futuro. É importante destacar que, unha vez tomada a decisión de renunciar a que as súas obras cobrasen vida a través da representación, Valle-Inclán comezou a esvaer as fronteiras entre os xéneros e a escribir sen as ataduras da escena, feito determinante no nacemento da súa mellor fórmula teatral, e que o consagraría como un dos autores máis importantes no ámbito das dramaturxias renovadoras do século XX.

Ese retiro a Galicia, que se inicia en 1912, abre un período de silencio e necesaria reflexión literaria, que vén coincidir co estalido da Primeira Guerra Mundial e cun dos períodos máis marcadamente renovadores da literatura occidental: a xestación das vangardas. Valle-Inclán, declarado aliadófilo e primeiro asinante do Manifesto a favor do bando aliado, foi invitado oficialmente pola República Francesa, que lle acabou concedendo a Orde da Lexión de Honor, a visitar a fronte de guerra francesa, sobrevoando as trincheiras nas que se enfrontaban franceses e alemáns. Aquela excepcional experiencia tivo unha importante transcendencia estética, que se traduciu na publicación de *La media noche. Visión estelar de un momento de guerra*, en 1917. Nesta obra pon en práctica distintas técnicas innovadoras: o protagonismo múltiple, a redución e a simultaneidade temporal, a multiplicidade de focos espaciais e o fragmentarismo construtivo. Estas implicacións técnicas implican a modernidade do seu texto e da súa novelesca posterior, e, de novo, **constitúen para un docente, un exemplo de escritor renovador que se adiantou ás técnicas narrativas máis audaces do seu tempo.**

É durante estes anos, e coincidindo coa súa estancia en Galicia, cando a crítica considera que se xesta o camiño caro o esperpento e o xiro cara a esquerda: 1919 e 1920 teñen sido cualificados coma os anos da viraxe ideolóxica e estética, coa publicación dos poemarios *La pipa de kij* e *El pasajero*, a iniciación do ciclo das farsas (*Farsa y licencia de la reina castiza*, *Farsa de la enamorada del rey*), a publicación de *Divinas palabras*, e a primeira versión na prensa de *Luces de bohemia*. É este o momento que marca a transformación da súa obra cara unha visión profundamente crítica da realidade española, baixo o novo signo da estética esperpéntica, e que ten sido interpretado, tradicionalmente, como unha ruptura radical coa súa traxectoria anterior, e coma o paso do tradicionalismo carlista a posturas que o acomodarian entre bolxeviques e revolucionarios anarquistas. Pero Valle-Inclán, é importante subliñalo, é moito máis coherente na súa evolución do que esa tradicional escisión en dúas etapas ten establecido: levado polo inconformismo ante a época que lle tocou vivir, optou primeiro pola vía da vi-

sión esteticista e evasiva das *Sonatas*, ou por tratar de retratar en clave épica unha realidade irremediabilmente desaparecida nas súas *Comedias bárbaras* e na triloxía narrativa *La guerra carlista*. Despois, o espertar á conciencia cívica, e o desacordo coa realidade da caduca España da Restauración lévao á busca de novos recursos artísticos que fagan máis eficaz a súa actitude inconformista e crítica: a resposta estética é, por tanto, o esperpento, e, de novo é imprescindible **ensinar a este autor facendo entender aos nosos alumnos que a incorporación do grotesco, que asomaba xa en obras anteriores como *La marquesa Rosalinda* de 1912 ou mesmo *La cabeza del dragón*, de 1910, sitúa a literatura española na senda das veciñas literaturas francesas, italiana ou alemá, xa que o grotesco convertérase nunha das claves estéticas da literatura europea contemporánea.**

Por iso é moi importante explicar o alcance da nova estética valleinclaniana, posta en práctica a través do esperpento teatral: para isto é fundamental ler na clase a famosa escena XII de *Luces de bohemia*, onde se formula o concepto de “estética sistemáticamente deformada”, e explicar a tripla perspectiva que pode adoitar un autor á hora de crear os seus personaxes, tal como don Ramón formulou nunha entrevista concedida a Martínez Sierra en 1928. Así, desterrada a mirada axeonllada que creaba os heroes da traxedia clásica, e sendo ineficaz

a perspectiva do cara a cara para retratar a mesquindade da realidade contemporánea, Valle-Inclán optou pola visión demiúrxica, por mirar ás súas criaturas "de pé, no aire", de maneira que o autor convértese nunha especie de títereiro que manexa os fíos das súas marionetas: os personaxes, en consecuencia, perden a súa grandeza, mesmo a súa condición humana, para convertérense en monicreques, ou quedaren reducidos a cousas ou entes deshumanizados. Agora ben, detrás desa perspectiva grotesca e absurda está sempre unha situación dramática: **explicar as catro obras que Valle-Inclán denominou expresamente "esperpentos"** (*Luces de bohemia* e a triloxía *Martes de carnaval*) significa tamén ensinar a historia contemporánea española desde os desastres militares das guerras coloniais (Desastre do 98, Desastre do Barranco do Lobo, 1909, Desastre do Annual, 1921), ata a ditadura de Primo de Rivera, pasando por todas as eivas da realidade política e social daqueles anos.

Valle-Inclán ampliou a dimensión estética do esperpento na súa novela *Tirano Banderas*, e na ambiciosa serie *El ruedo ibérico*, obras que o sitúan entre os grandes novelistas contemporáneos e á par dos grandes renovadores europeos do seu tempo. **Tirano Banderas préstase especialmente á labor docente dos profesores da nosa materia: nas súas páxinas o autor creou unha linguaxe panhispánica cun esforzo integrador que o levou a artellar unha lingua que non é de ningún lugar concreto, pero que representa a todo o mundo hispanofalante.** A lectura dalgúns dos fragmentos desta novela permite o achegamento ao español de América, que moi frecuentemente, é o gran esquecido nas clases de Lingua española do noso país. Por outra parte, *Tirano Banderas* ten sido recoñecida polos grandes narradores hispanoamericanos do século XX como a cabeza de lista das chamadas "novelas de ditador" e vincúlao, por tanto, con algúns dos autores que ensinamos ou que figuran nos programas de lecturas obrigatorias: tal é o caso do recentemente desaparecido García Márquez.

Nos últimos anos Valle-Inclán nunca renunciou ás tertulias literarias e culturais, publicou algunha obra nova e reorganizou a reedición doutras. Pero ademais do inventario de obras deste autor, **a figura de don Ramón pode ser empregada de novo na aula como exemplo do fenómeno mundial da politización da cultura producida nos anos 30, e que se constata igualmente en España, coa evolución desde a estética das vangardas deshumanizadas ao compromiso antifascista; Valle-Inclán foi nomeado presidente de honor dos Amigos da Unión Soviética en 1933, e membro do Comité Internacional contra a Guerra, do que formaban parte numerosos intelectuais europeos e americanos; en 1935 foi membro do Congreso de Escritores para a Defensa da Cultura e presidiu, ademais, a campaña nacional contra a pena de morte.**

Se moitas son as razóns e imponderables os motivos da importancia de ensinar a Valle-Inclán, non podemos concluír sen constatar que hoxe, máis ca nunca, os docentes temos á nosa disposición institucións e fontes de información privilexiadas para ensinar a este escritor desde as súas orixes ata os últimos pasos da súa evolución literaria.

Así, en primeiro lugar, podemos vir con eles á súa vila natal, Vilanova de Arousa, visitar o Museo do Cuadrante, que, en colaboración co Concello ten posto en marcha a campaña "Coñece o teu museo", co obxectivo de imprimir carácter didáctico á divulgación do escritor vilanovés. Ao abeiro deste programa os colexios e institutos tamén teñen a oportunidade de realizar algún dos roteiros literarios que percorren os lugares que deixaron pegada en Valle-Inclán e Camba. Contamos tamén co magnífico Museo de A Pobra do Caramiñal, que tamén abre as súas portas a actividades escolares durante a celebración da Semana Valle-Inclán cada mes de outubro.

Polo tocante ás fontes de información, o panorama das publicacións e organismos que es-

tudan a este escritor tense visto enriquecido enormemente nos últimos 15 anos. A revista *Cuadrante*, que viu publicado o seu número o no ano 2000, e que desde entón mantén unha publicación semestral ininterrompida, ten contribuído desde os primeiros números ao estudo da figura e da obra de Valle-Inclán desterrando vellas polémicas, coma o controvertido lugar de nacemento do escritor, e con artigos procedentes do ámbito académico e universitario. Froito do bo entendemento entre os dous Museos e os dous Concellos citados, e a revista *Cuadrante*, foi a publicación de dous números monográficos que recolleron as actas das Xornadas “Valle-Inclán a escena”, celebradas en Vilanova de Arousa en abril de 2004, e das correspondentes ao Congreso Nacional “A Galicia de Valle-Inclán”, que en decembro do mesmo ano tivo lugar na Pobra do Caramiñal.

Por outra banda, a creación da Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago no ano 2002, dirixida pola Profesora Margarita Santos Zas, ten significado un paso decisivo no estudo deste galego universal. Esta Cátedra edita anualmente o *Anuario Valle-Inclán*, de circulación máis restrinxida, pero a súa páxina web conta cun portal propio na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes que pretende dar a coñecer as súas actividades e potenciar a difusión da figura e da obra do escritor facilitando o acceso a recursos bibliográficos e a unha galería de imaxes, edicións e ilustracións das obras publicadas en vida polo autor así como a materiais iconográficos que teñen que ver con caricaturas e retratos do escritor. A páxina da Cátedra ofrece, ademais, compendios bibliográficos actualizados cada ano e estudos de acceso directo. O seu labor actual é, ademais, de importancia transcendental: en virtude do Convenio cos Herdeiros Valle-Inclán Absina, asinado en 2007, ten a misión de preparar a edición do legado manuscrito do autor, entre o que se encontran moitas obras inéditas, algunhas de tema galego, coma a peza teatral titulada *Las mujeres de Salvora* ou *El Beato Estrellín*.

Tamén o Consello da Cultura Galega inaugurou no verán a exposición titulada ‘Outros verbos, novas lecturas: Valle Inclán traducido [1906-1936]’ celebrada no claustro da Universidade en xullo do mes pasado.

Xa para concluír, cómpre salientar que no vindeiro 2016 celébranse o 150 aniversario do nacemento de don Ramón, e o 80 do seu pasamento. Para esta efeméride, a colaboración activa entre as institucións e publicacións anteriormente mencionadas significará de novo un paso adiante na difusión da figura e da obra dun escritor que, a bo seguro, todos os docentes poderemos aproveitar.

Referencias

Santos Zas, Margarita, “El autor y su obra: Valle-Inclán (1866-1936)”. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, Portal de la Cátedra Valle-Inclán.

[<http://bib.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclan/>]

Boletín de subscripción

Subscripción á revista *Cuadrante* por un ano (2 números) a partires do número _____, incluído.
Renovación automática anual ata orde de anulación da subscripción. Cota anual: 20€ + gastos de envío (España: 4€, resto do mundo: tarifa vixente).

Suscripción a la revista *Cuadrante* por un año (2 números) a partir del número _____, inclusive.
Renovación automática anual hasta orden de anulación de la suscripción. Cuota anual: 20€ + gastos de envío (España: 4€, resto del mundo: tarifa vigente).

Nome _____
Nombre

DNI _____

Enderezo _____
Dirección

Código postal _____ Localidade _____ Provincia _____

Teléfono _____ Correo elect. _____

Data: _____, _____, _____
Fecha

Sinatura: _____
Firma


Amigos
de Valle-Inclán
Vilanova de Arousa

Asociación Cultural "Amigos de Valle-Inclán" Praza Os Olmos, nº 9 B 36620 Vilanova de Arousa Tlf. : 667 549 556
info@amigosdevalle.com amigosvalleinclan1@hotmail.es

Domiciliación bancaria

Nome _____
Nombre

con DNI _____, autorizo ao Banco _____
autorizo al Banco

para que a partires desta data reteñan anualmente a cantidade de 24€ da miña conta
para que a partir de esta fecha retengan anualmente la cantidad de 24€ de mi cuenta
número _____
número

e abonen esta cantidade na conta da Asociación Cultural "Amigos de Valle-Inclán"
en concepto de subscripción á revista "Cuadrante"

Data: _____, _____, _____
Fecha

Sinatura: _____
Firma


Amigos
de Valle-Inclán
Vilanova de Arousa

Asociación Cultural "Amigos de Valle-Inclán" Praza Os Olmos, nº 9 B 36620 Vilanova de Arousa Tlf. : 667 549 556
info@amigosdevalle.com amigosvalleinclan1@hotmail.es

